

SERVIZOS: aula matinal, actividades extraescolares, comedor, biblioteca, movemento xuvenil MarCha, deporte escolar.

ACCIÓN TITORIAL: programa integral que acompaña aos nenos dende o seu ingreso no colexio ata que rematan os seus estudos, incluíndo sesións formativas para as familias.

REFORZO EDUCATIVO E RECUPERACIÓN DE MATERIAS: supervisado polos titores e o Departamento de Orientación.

SERVICIO DE COMUNICACIÓN DE AUSENCIAS: protocolos de actuación en todos os niveis educativos para comunicar ausencias sen xustificar e levar un control exhaustivo da asistencia do alumnado.

PLATAFORMA DIXITAL DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS: A evolución académica, observacións, resultados de probas e seguemento trimestral poden consultarse a través da nosa plataforma de seguimento pedagóxico, comunicación e xestión.

COLEXIO VIRTUAL: As familias poden seguir as actividades colexiais en www.maristastui.org e nas nosas contas de Facebook e Twitter. Ademais cada alumno disporá dun correo electrónico e acceso ás aulas virtuais.



<< Non podo ollar a un neno sen sentir profundas ganas de gritarlle o fermoso que é vivir e o gran amor que o Pai Deus lle ten >>

HORARIOS

INFANTIL: 09:15-14:15h

PRIMARIA: 09:15-14:25h

SECUNDARIA:
8:30-14:30h / Luns de 16:10-18:00h

Colexio Marista Santa María

R/ Maristas s/n. 36700 Tui

Teléfono: 986607025 / Fax: 986607584

tui@maristascompostela.org

MARCELINO CHAMPAGNAT
Fundador de los Hermanos Maristas

PROXECTO EDUCATIVO

<< Para educar ben aos nenos hai que amalos e amalos a todos por igual >>

MARCELINO CHAMPAGNAT



COLEXIO SANTA MARÍA · Tui

INFANTIL – PRIMARIA - SECUNDARIA

A NOSA MISIÓN

O Colexio Marista Santa María de Tui é una escola católica de tradición Marista e un lugar de vida, aprendizaxe e crecemento.

A nosa comprensión da educación lévanos a ofrecer un lugar distinto, unha escola viva, en constante cambio e adaptación aos tempos modernos, pero sen perder de vista algúns aspectos esenciais para a persoa e que entendemos que deben servirle para a súa vida.

Esa concepción da educación e da persoa é o que nos leva a entender o noso proxecto educativo como o acompañamento da persoa na infancia, adolescencia e xuventude no seu crecemento para convertirse na persoa que está "chamado a ser."

maristas

O NOSO COLEXIO

A nosa misión, a razón de ser do noso colexio é a formación do noso alumnado dun modo integral, é dicir, académica, persoal, social e espiritual.

A nosa visión, como escola marista, condúcenos a ensinar aos alumnos a aprender a aprender, a convivir, a decidir e a ser, é dicir, tratamos de proporcionarlles as ferramentas necesarias para a súa incorporación á vida.



PRINCIPIOS PARA GRANDES FINS.

Na posta en práctica desta misión e visión, damos especial importancia á **atención individualizada** do alumnado coa implicación de todo o profesorado na **acción tutorial** (dirixida ao alumnado e as familias, de modo individual e grupal) e a través da **atención á diversidade**.



OS NOSOS VALORES

Os valores que caracterízanos á hora de levar a cabo a nosa misión son:

A **acolllida**, a **presencia** e a **cercanía**. Relacionados directamente coa pedagogía Marista. Entendemos estes valores como a interrelación cotiá e habitual dos

educadores co alumnado, facéndonos presentes entre eles dentro e fóra da aula.

O **espírito de familia** e o **sentido de pertenza** a unha comunidade educativa, que se afirma nunha relación de apoio e confianza.

Sinxeleza, humildade e modestia: as tres virtudes maristas.

Solidariedade, empatizando coutras persoas, poñéndonos no seu lugar, tomando conciencia da súa situación desfavorecida (económica, afectiva,...) e comprometéndonos con elas.

O **compromiso**: con un mesmo, co colexio e coa vida, buscando os medios e implicándose en proxectos, con todo o que iso conleva.

A **apertura ao cambio** froito das necesidades que no entorno xurdan.



O NOSO MODELO EDUCATIVO

iCrezo é un proxecto de desenvolvemento integral para a etapa de Infantil que se sustenta na teoría das Intelixencias Múltiples de Howard Gardner.

iAprendo é o proxecto educativo para Primaria, que nos permite traballar co alumnado de forma personalizada proporcionándolle distintas experiencias de aprendizaxe, para que cada quen conecte cos seus talentos e desenvolva a forma máis eficaz para aprender.

Gier, educación emocional e espiritual a través da interioridade para xerar conexión co noso ser profundo, traballar o silencio, a respiración, as emocións, as relacións con un mesmo e cos demais.

Aprendo

Gier



maristas